

ACTA NÚM. 7/2020.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2020.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 18 de setembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do alcalde en funcións PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.
Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo alcalde en funcións declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 09.09.2020.

2º) TOMA DE POSESIÓN DE NOVA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE.

3º) ELECCIÓN DE NOVO ALCALDE DO CONCELLO.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 09.09.2020.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 6/2020, do 09.09.2020. Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos dez membros presentes acorda aprobala.

2º) TOMA DE POSESIÓN DE NOVA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE.

Dada conta do expediente tramitado para a substitución, por renuncia, do concelleiro do PSG-PSOE José Luis García García, téndose recibida a credencial de concelleira da Xunta Electoral Central en favor de María Carmen Touceda Freire, e téndose acreditado pola interesada o cumprimento do disposto nos art. 30 e 31 do RD. 2568/1986, do 28 de novembro, se lle formula por secretaría, de orde da alcaldía, a pregunta establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas, respondendo si prometo, polo que queda posesionada do cargo de concelleira deste Concello desde este momento, incorporándose ao Pleno integrada no grupo municipal do PSG-PSOE.

3º) ELECCIÓN DE NOVO ALCALDE DO CONCELLO.

Dada conta do expediente tramitado para a elección de novo alcalde, como consecuencia da renuncia ao cargo do anterior alcalde, da que tomou coñecemento o Pleno en sesión de data 09.09.2020, pasa a presidir a sesión a concelleira de máis idade María Rosa Romero Fariña, ao ser o primeiro tenente de alcalde candidato a alcalde, segundo acordos da Xunta Electoral Central do 23 de xaneiro e 24 de abril de 2002.

Acto seguido continuouse, de acordo co que dispón o artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (en adiante LOREX), á proclamación de candidatos para a elección de alcalde, de entre os/as concelleiros/as que encabezaron as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:

1) PABLO LAGO SANMARTÍN. PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE.

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo 196 da LOREX, procedeuse á elección de alcalde, iniciándose a votación para elixilo de entre os candidatos proclamados a este cargo, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor de PABLO LAGO SANMARTÍN. Número de votos obtidos: 7, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE.

Abstencións: 4, pertencentes aos grupos municipais do PP (2) e BNG (2).

Obténdose por Pablo Lago Sanmartín a maioría absoluta dos votos emitidos polos/as concelleiros/as é proclamado alcalde do Concello de Brión, segundo dispón o art. 196.b. da LOREX e artigo 40 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

De seguido o concelleiro que resultou elixido como alcalde deste Concello Pablo Lago Sanmartín, integrado no grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE, previa promesa na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupar a presidencia, e sinala que quero que as miñas primeiras palabras como alcalde sexan de agradecemento, en primeiro lugar a José Luís García a quen teño a honra de suceder neste posto, digo suceder e non substituír xa que penso que o traballo que fixo José Luís por Brión e polos seus veciños e veciñas durante os últimos 42 anos non ten comparación posible; lamento que non poidas rematar este mandato pero creo que todos os veciños e veciñas entendemos que non che é posible; creo que non hai palabras para agradecerche todo o que fixeches por Brión, foi un luxo traballar ao teu lado e espero ser digno da túa confianza, eu comprométome a poñer todo o esforzo e traballo polo ben dos veciños e veciñas, unha tarefa na que sei que seguirei contando coa túa experiencia e colaboración.

Engade que eu quero ser o alcalde de todos os veciños e veciñas, nos votaran ou non, e desde hoxe fago un chamamento ao diálogo a todos os grupos para seguir traballando polo ben de Brión, vivimos un momento difícil polo Covid-19 e este é o momento de que todos traballemos na mesma dirección e pensemos no benestar da nosa veciñanza por encima das diferenzas

políticas, penso que tanto o BNG como o PP tendes amosado en moitas ocasións que queredes traballar por un Brión mellor, por iso o equipo de goberno e eu como alcalde seguiremos abertos ao diálogo e tamén á crítica construtiva, é o tempo de sumar, non de restar.

Continua sinalando que quero darlle as grazas aos concelleiros e concelleiras do grupo socialista por apoiar a miña candidatura á alcaldía, formamos un gran equipo e sen vós será imposible sacar isto adiante; conto con todos vós e xuntos seguiremos facendo moitas cousas boas pola veciñanza; en terceiro lugar, quero dirixirme aos traballadores desta casa, son consciente de que conto cun fantástico grupo de profesionais que tendes demostrado o compromiso con Brión en moitas ocasións, así foi un exemplo de esforzo, traballo e entrega o feito durante o confinamento para que ningunha familia quedara desatendida, por iso, no seu nome, grazas; a miña porta estará aberta para facilitarvos o desenvolvemento do voso traballo.

Remata sinalando que quero agradecerlle á miña familia o seu apoio, asumo o cargo coa maior das responsabilidades e coa ilusión de facelo o mellor posible, espero estar á altura do traballo realizado por Luís ao longo dos últimos 41 anos, e o meu mandato seguirá o camiño por el marcado de mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas de Brión, e para conseguilo espero contar coa colaboración de todos e cada un de vós. Moitas grazas.

O alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e quince minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González